

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

CENTRO: IES LELIADOURA

CURSO: 1º BACHARELATO

MATERIA: Economía

DEPARTAMENTO: ECONOMÍA

DATA: 11/05/20

Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p><i>B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.</i></p> <p><i>B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos</i></p>	<p><i>Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema Económico.</i></p> <p><i>Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.</i></p>
<p><i>B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.</i></p>	<p><i>Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas.</i></p> <p><i>Representa o fluxo circular da renda e recoñece o papel dos axentes económicos</i></p>
<p><i>B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.</i></p>	<p><i>Representa gráficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.</i></p> <p><i>Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda.</i></p> <p><i>Analiza a elasticidade de demanda, interpretando os cambios en prezos.</i></p>
<p><i>B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.</i></p> <p><i>B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.</i></p>	<p><i>Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.</i></p> <p><i>Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.</i></p> <p><i>Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.</i></p> <p><i>Considera investigación e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas.</i></p>
<p><i>B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.</i></p> <p><i>B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.</i></p>	<p><i>Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.</i></p> <p><i>Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.</i></p> <p><i>Investiga e recoñece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.</i></p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: <i>O traballo feito no terceiro trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do primeiro e segundo trimestre. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</i></p>
	<p>Instrumentos: <i>Tarefas e probas realizadas a través da aula virtual do centro.</i></p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p><i>A nota media de final de curso obterase calculando a nota media das dúas primeiras avaliacións. Esta nota poderá aumentar ata un punto pola entrega das tarefas de repaso e ampliación realizadas na aula virtual.</i></p> <p>Recuperación de avaliacións suspensas: <i>Calcularáse a media da nota da 1ª avaliación e a nota da 2ª avaliación . Esta nota poderá aumentar ata un 10% pola entrega das tarefas de repaso ou de recuperación realizadas na aula virtual.</i></p> <p><i>Cando dito cálculo non chegue ó 5, o alumno/a deberá recuperar a materia mediante a entrega das tarefas de recuperación plantexadas na aula virtual. Para recuperar as avaliacións suspensas, o alumnado debe entregar todas as tarefas solicitadas das avaliacións que ten suspensas, no prazo estipulado.</i></p> <p><i>Se o alumnado non entrega as tarefas ou a calidade e autenticidade das tarefas non son constatadas pola profesora, realizaráse unha proba obxectiva de recuperación en xuño que será o 100% da nota da cualificación final.</i></p>
Proba extraordinaria de setembro	<p><i>Na proba extraordinaria de setembro o referente son as aprendizaxes durante os dous primeiros trimestres. A parte de materia que se puidese ter avanzado no terceiro trimestre non entrará na proba extraordinaria.</i></p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non hai alumnado ca materia pendente</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<i>Tarefas de ampliación, para favorecer o progreso na aprendizaxe. Tarefas de repaso e reforzo. Tarefas de recuperación. As tarefas de repaso, reforzo e recuperación versarán sobre contidos considerados mínimos polo departamento para acadar as competencias e os estándares de aprendizaxe mínimos do primeiro e segundo trimestre.</i>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<i>Recursos e tarefas na Aula Virtual do centro (comprobouse a conectividade do alumnado)</i>
Materiais e recursos	<i>Libro de texto Novos recursos aportados na aula virtual do centro</i>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<i>Comunicacións a través da aula virtual do centro tanto a través de mensaxes en foros como, en caso de ser necesarios, a través de mensaxes particulares. Correo ordinario.</i>
Publicidade	<i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i>